

A **Área de Promoción Económica de Arteixo** presta os seus servizos formativos á comunidade a través do **Centro Arteixo Innovación**, proporcionándolle aos/a traballadores/as inactivos/as un recurso para mellorar a súa capacidade de inserción. Por medio da formación nas diversas especialidades homologadas no centro, o alumnado accede a unha mellor capacitación, así como á adquisición das actitudes e habilidades necesarias para promoverse profesionalmente.

As accións formativas levadas a cabo polo **Centro Arteixo Innovación** realízanse de acordo cunha política de calidade que se concreta en obxectivos coherentes con aquela, e que está suxeita á revisión e mellora continua, o igual que a totalidade do Sistema de Xestión. Para elo, o Sistema de Xestión de Calidade do **Centro Arteixo Innovación**, sempre orientado á satisfacción das necesidades e expectativas dos/as seus/súas usuarios/as, actúa como marco de referencia para o establecemento e revisión dos citados obxectivos.

A **Área de Promoción Económica de Arteixo**, conta cun Servizo de Orientación Laboral e Asesoramento a Emprendedores/as, baseado na información, orientación e busca activa de emprego, como ferramenta para facilitar o acceso ao mercado de traballo, fomentar o emprego e mellora da súa calidade, así como a incentivar as novas iniciativas empresarias. Ademáis, xestiona unha Bolsa de Emprego Municipal a través dunha plataforma propia, facilitando a inserción laboral dos/as demandantes de emprego e proporcionando candidatos/as ás empresas interesadas .

Por último, a Dirección do **Área de Promoción Económica de Arteixo** está comprometida co cumprimento dos requisitos que poidan afectar ao funcionamento do centro, xa sexan de carácter legal, ou propios das esixencias da norma de referencia UNE-EN-ISO 9001:2015 pola que se rexe o Sistema de Xestión de Calidade para o seguinte alcance:

- A. A xestión da impartición da formación profesional para o emprego nas áreas de: servizos socioculturais e á comunidade, informática e comunicacións, administración e xestión y competencias clave.
- B. O deseño e a xestión da impartición de formación profesional para o emprego nas áreas de: comercio e marketing, agraria, servizos socioculturais e a comunidade, administración e xestión e competencias clave.

- C. A prestación de servizos de orientación laboral, de asesoramento a emprendedores e empresarios y de intermediación laboral (bolsa municipal de emprego).
- D. O deseño e a xestión da impartición de formación profesional para o emprego nas áreas de hostalaría y turismo.

Esta Política de calidade, ten sido comunicada a todo o persoal do Centro, e todo o persoal do centro a comprende e asume.

Fecha: 14/01/2025